



Feira Ordinaria

- 3 de agosto -

Contará co 100 % dos seus postos autorizados



Desde o Concello de Verín infórmase a cidadanía de que a feira ordinaria que se celebrará mañá martes 3 de agosto poderá instalar a totalidade dos seus postos autorizados, como así o especifica a última actualización de medidas fronte ao COVID19 decretadas pola Xunta de Galicia.

Segundo especifica a Consellería de Sanidade na ORDE do 29 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada dá COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, os mercados e feiras que contan con menos de 150 postos autorizados (como é o caso de Verín), poderán realizarse ao 100 por cento da súa capacidade.

Protocolo Covid-19

Co obxectivo de garantir as medidas sanitarias de seguridade e separación pola Covid-19, os postos estarán separados por a correspondente distancia de seguridade o que facilitará aos usuarios e usuarias do mercado respectar a distancia mínima de separación de 1,5 metros entre cada persoa.